

RIOTORTO

Anuncio

Habéndose elevado a definitivo por non haberse presentado reclamacións durante a exposición pública, o acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria celebrado o día 12/01/12 transcríbese a continuación xunto coa ordenanza.

2.- EXPEDIENTE DE IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIONS, INSTALACIÓNNS E OBRAS. APROBACIÓN, NO SEU CASO, DO MESMO, NO QUE FIGURA A ORDENANZA FISCAL

Por Secretaría, de orde da Presidencia, deuse conta o Pleno do estado actual do expediente para a aprobación da ordenanza reguladora do Imposto sobre Construccións, Instalaciónns e obras.

Considerando que no expediente consta o informe favorable de Secretaría-Intervención para a aprobación da citada ordenanza.

Vista a proposta da Alcaldía na que se señala:

"Resultando necesario utilizar os recursos económicos que establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por RDL 2/2004, de 5 de Marzo, entre os que se encontra o referido Imposto sobre construccións, instalaciónns e obras, tramitouse o expediente administrativo para impoñer e ordenar dito tributo.

Vistos os informes de Secretaría e de Intervención unidos o expediente e polo que propoño o Pleno que acorde:

- 1.- Aprobar provisionalmente a ordenanza unida a este expediente e que regula o citado imposto.
- 2.- O presente acordo provisional, expoñelo o público así como a ordenanza citada e o resto do expediente polo prazo de 30 días hábiles mediante edictos insertos no BOP e no Taboleiro de Anuncios. Dentro do citado prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.
- 3.- Rematada a exposición publica o Pleno adoptará o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se houbesen presentado no seu caso e aprobando a redacción definitiva da ordenanza.

No caso de que non se houberan presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario e considerarase definitivamente aprobada a ordenanza.

4.- O acordo definitivo que se houbera adoptado ou o provisional elevado a definitivo xunto co texto da ordenanza publicarase no BOP.

A referida ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP sendo de aplicación dende esa data"

Cerrado o turno de deliberacións pola Presidencia a Corporación acordou, co voto favorable dos catro Concelleiros do Grupo Municipal do B.N.G. e do representante do Grupo Municipal PsdeG-PSOE, aprobar a Proposta da Alcaldía citada. Os catro Concelleiros do Grupo Municipal do P.P. votan en contra da Proposta reseñada.

O texto da ordenanza consta no expediente obrante na Secretaría Municipal.

ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNNS, INSTALACIÓNNS E OBRAS

Artigo 1º.- FEITO IMPOÑIBLE.

1.- Constitúeo a realización no termo municipal de Riotorto, de calquera construcción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtívérase ou non a devandita licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este Concello.

2.- As construcións, instalacións ou obras ás que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

- a) As obras de construcción de edificación e instalacións de tódalas clases de nova planta.
- b) As obras de ampliación ou reforma de edificios e instalacións de tódalas clases existentes.
- c) As de modificación ou reforma que afecten á estrutura dos edificios e instalacións de tódalas clases existentes.
- d) As de modificación do aspecto exterior dos edificios e instalacións de tódalas clases existentes.
- e) As obras que modifiquen a disposición interior dos edificios, calquera que sexa o seu uso.
- f) As obras que ~~teñan~~ que realizarse con carácter provisional, no caso de que estean xustificadas, que deberán derrubarse ~~cando~~ así o acorde o Concello, sen dereito a indemnización, dacendo co establecido na regulación urbanística.
- g) As obras de instalación de servizos públicos.
- h) Os movementos de terra, tales como desmonte, aplanamento, escavación e terraplenado, salvo que tales actos estean detallados e programados coma obras a efectuar nun proxecto de urbanización ou de edificación aprobado e autorizado.
- i) A demolición das construcións, salvo nos casos declarados de ruína inminente.
- j) As instalacións subterráneas adicadas á aparcadoiros, actividades industriais, mercantís ou profesionais, servizos públicos ou calquera outro uso ao que se destine o subsolo.
- k) A colocación de carteis de propaganda visibles dende a vía pública.
- l) E, en xeral, calquera outra construcción, instalación ou obra que requira licenza urbanística segundo o previsto na lexislación vixente, plans, normas ou ordenanzas.

Artigo 2º.- SUXEITOS PASIVOS.

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios do inmoble, sobre o que se realicen aquellas.

Ós efectos deste punto, terán a consideración de donos das construcións instalacións ou obras quen soporten os gastos ou custos que comporte a súa realización.

2.- No suposto de que a construcción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos sustitutos do contribuínte aqueles que soliciten ás correspondentes licencias ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

Artigo 3º EXENCIÓNS.

Están exentas deste imposto as construcións, instalacións e obras das que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais que, estando suxeitas ó mesmo, vaian ser directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, ánda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto si se trata de obras de inversión nova como de conservación.

Artigo 4º.- BONIFICACIÓNES

A cuota do imposto sobre construcións, instalacións e obras será susceptible de bonificación nos seguintes supostos:

1. Unha bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións ou obras específicas que sexan necesarias para favorecer o acceso e habitabilidade dos discapacitados, por aquela parte do proxecto que afecte únicamente a estas construcións, instalacións e obras.
2. Unha bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións e obras referentes á vivendas de protección oficial.
3. Os suxeitos pasivos gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra, por aquelas construcións, instalacións e obras que afecten a vivendas e outras edificacións que se caractericen pola súa especial vinculación co sector primario de carácter agrícola, gandeiro ou forestal.
4. Os suxeitos pasivos que sexan persoas físicas que constrúan ou rehabiliten vivendas unifamiliares da súa propiedade, que constitúan a súa residencia habitual gozarán da seguinte bonificación en función da idade:

Menores de 30 anos: 75% de bonificación na cota íntegra.

Entre 30 e 40 anos: 50% de bonificación na cota íntegra.

Para este efecto, entenderase por vivenda habitual familiar aquela en que estea empadroado o suxeito pasivo, ou aquela vivenda que vaia selo unha vez rematada a construcción, instalación ou obra.

5. Os suxeitos pasivos que obsten a condición de membro de familia numerosa na data de devengo do imposto, e no relativo a aquelas construcións, instalacións e obras que afecten a súa vivenda habitual familiar, terán as seguintes porcentaxes de bonificación, conforme as categorías de familia numerosa establecidas pola Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas:

Categoría xeral: 50% de bonificación na cota íntegra.

Categoría especial: 75% de bonificación na cota íntegra.

Para este efecto, entenderase por vivenda habitual familiar aquela en que estea empadroado o suxeito pasivo que teña a condición de membro de familia numerosa acreditada mediante a presentación do correspondente título, ou aquela vivenda que vaia selo nun prazo máximo dun ano ou unha vez rematada a construcción, instalación ou obra.

6.- As bonificacións previstas neste artigo, esixirán:

- a) Solicitude do interesado
- b) Informe dos servizos municipais correspondentes.
- c) Acordo da Xunta de Goberno Local.

7.- As solicitudes de bonificacións incluídas neste artigo, deberán presentarse coincidindo coa solicitude das correspondentes licencias.

8.- O suxeito pasivo solo poderá beneficiarse dunha das bonificacións establecidas neste artigo por cada licenza outorgada.

Artigo 5º.- BASE IMPOÑIBLE, CUOTA E DEVENGO.

1.- A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construcción, instalación ou obra, e se entende por tal, a estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non formarán parte de dita base o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construcción, instalación ou obra, nin os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre o custo de execución material.

2.- A cota do imposto é o resultante de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

3.- O tipo de gravame é o 4 %.

4.- O imposto devengarase no momento de solicitar a licenza urbanística.

Artigo 6º.- XESTIÓN

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar autoliquidación polo imposto, determinándose a base imponible en función do orzamento declarado polo interesado, ao solicitar a licenza preceptiva, sen que o pago realizado conlleve ningún tipo de presunción ou acto declarativo de dereitos a favor daqueles.

2. O pago da autoliquidación presentada será a conta da liquidación provisional e, no seu caso, da liquidación definitiva que se practique unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras.

3. Cando se modifique o proxecto da construcción, instalación ou obra e houbese incremento do seu orzamento, unha vez aceptada a modificación pola Administración municipal, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria pola diferenza entre o orzamento inicial e o declarado.

4. Unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria do tributo no caso de que o custe real e efectivo da obra sexa superior ao declarado. A autoliquidación presentarase e ingresarase xunto coa solicitude da licenza de primeira utilización ou ocupación, ou no prazo máximo dun mes dende o remate das construcións, instalacións ou obras.

5. A autoliquidación non poderá esixirse no suposto de que se presente solicitude de beneficio fiscal, practicándose, de ser o caso, liquidación de ingreso directo que se notificará unha vez tramitado o expediente.

6. Á vista da documentación aportada ou de calquera outra relativa ás construcións, instalacións ou obras e das efectivamente realizadas así como do seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, segundo proceda, a cantidade que resulte.

Artigo 7º.- INSPECCIÓN E RECAUDACIÓN

A inspección e recadación do Imposto realizarase dacordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e demais Leis do Estado reguladoras da materia, así coma nas disposicións ditadas para o seu desenrollo.

Artigo 8º.- INFRACCIONES E SANCIÓNIS.

Para todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no boletín Oficial da Provincia, sendo de aplicación desde esta data, permanecendo en vigor mentres non se modifique ou derogue expresamente.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

A presente Ordenanza Fiscal deroga calquera outra anterior sobre a materia existente neste Concello, dende o momento de efectiva aplicación da presente Ordenanza.

Contra a presente ordenanza poderá interponerse recursos contencioso administrativo nos termos establecidos no artigo 19 do RDL 2/2004 ou calquera outro recurso que se estime pertinente.

Riotorto, 01 de Marzo de 2012. O Alcalde, Asdo: Federico Xosé Gutiérrez Estoia.

R.1001